

**LINGUA**

**GALEGA**

**6ºB**

**- REPASO XERAL**

**- COMPRENSIÓN**

**LECTORA**

**| Arrodea de azul os puntos e seguido, de verde os puntos e á parte e de vermello o punto final.**

### O niño

Onte vin un niño nunha árbore. Era pequeno e redondiño.  
Semellaba unha maraña de ramiñas con plumas enganchadas.

Eu quixen collelo para ensinárllelo aos amigos, pero miña nai non me deixou. Ela dixo que algunha ave dedicara moito tempo e esforzo a construílo e que seguro que ese mesmo paxaro, ou outro, aproveitarían o niño máis dunha vez.

Quizais teña razón. Na primavera, cando os paxaros se volvan emparellar, irei ver se o niño está ocupado.



**| Copia este texto cos puntos e as maiúsculas necesarios. Obterás catro oracións.**

Ana e mais eu estamos xuntas na clase ela ten os ollos verdes e o pelo negro e liso é moi simpática e divertida ademais, sempre me axuda cando non entendo algunha cousa

---

---

---

**| Escribe os signos de puntuación que faltan nestas oracións.**

- |                                    |                          |                                    |                          |
|------------------------------------|--------------------------|------------------------------------|--------------------------|
| • Que calor vai hoxe               | <input type="checkbox"/> | • Quen che deu este papel          | <input type="checkbox"/> |
| • Mariña ten unha letra moi bonita | <input type="checkbox"/> | • A cova é moi escura. Que medo dá | <input type="checkbox"/> |

Subliña de vermello os pronomes persoais tónicos e de verde os átonos.

- María quere que lle faga unha coleta coma a que levo eu.
- A nós gústanos moito ir á montaña.
- Eles chegaron tarde ao concerto porque se perderon.
- Vós anotástesvos para a excursión do sábado?
- Brais sempre di que a el non lle dá medo nada.



Substitúe as palabras destacadas por pronomes tónicos.

- **Iria e Noa** chegaron antes ca **ti** e **Antón**.

\_\_\_\_\_

- **Alberte e mais eu** fomos ao río con **Xacobe e Breixo**.

\_\_\_\_\_

- **Cibrán** non pode vir se **Paula** non o trae.

\_\_\_\_\_

Reescribe as oracións substituíndo as palabras destacadas por pronomes átonos pegados ao verbo.

- Celso aprobou **o exame**. ▶ \_\_\_\_\_
- Atoparás **as curmás** no parque. ▶ \_\_\_\_\_



Copia as oracións substituíndo as palabras destacadas polas contraccións axeitadas.

- Nos premios anuais non se esqueceron **dos voluntarios da terceira idade**.

\_\_\_\_\_

- Confío **en Antón e en Lois**; seguro que o han facer ben.

\_\_\_\_\_

- Despediuse **de Carme e de Noa**, pero non **de Roi**, porque non estaba.

\_\_\_\_\_

- Sempre que paseo a Chispa e vexo a Nuno, o rapaz escapa **da cadela**.

\_\_\_\_\_



Copia as oracións substituíndo as palabras destacadas por contraccións dos pronomes átonos.

- Olaia díxome **a nota que sacara no exame**. ▶ \_\_\_\_\_
- Aínda non **nos** contou **que lle pasou**. ▶ \_\_\_\_\_
- Onte presentei**lles o irmán de Xela**. ▶ \_\_\_\_\_

Completa o cadro coas contraccións que faltan.

	ME	CHE	LLE	NOS	VOS	LLES
O	MO					LLELO
A		CHA		NOLA		
OS			LLOS			
AS					VOLAS	

Clasifica os seguintes determinantes nos ocros correspondentes do cadro.

o	primeira	moitos	este	aquelas	miña
uns	teus	algunhas	as	vinte	unhas



Artigos		Demostrativos	Posesivos	Numerais	Indefinidos
Det.	Indet.				

Escrebe a forma do artigo determinado (*o, a, os, as*) que resulte adecuada en cada caso.

- \_\_\_\_\_ camiño
- \_\_\_\_\_ labores
- \_\_\_\_\_ arte
- \_\_\_\_\_ crise
- \_\_\_\_\_ dínamo
- \_\_\_\_\_ amigos
- \_\_\_\_\_ diadema
- \_\_\_\_\_ verán
- \_\_\_\_\_ pés
- \_\_\_\_\_ análises

Completa as oracións con formas do artigo determinado (*o, a, os, as*) ou do artigo indeterminado (*un, unha, uns, unhas*).

- Ao producirse aquel suceso, \_\_\_\_\_ xornalistas chegaron ao lugar para informar.  
Un deles, \_\_\_\_\_ reporteiro, entrevistou algunhas persoas.



■ Le estas oracións e arrodea as contraccións que atopas nelas.

- Nestes primeiros meses da primavera dá gusto pasear polo prado.
- Dos catro irmáns, dous estudan música nesa academia de aí.
- Desta vez, para nalgunha tenda ao volver do traballo e compra o pan.
- Naquela casa vivía eu e, naqueloutra, meus avós.
- Nesta cidade non hai carril bici, pero noutras si.



■ Enche os ocios coas contraccións das palabras que se propoñen entre parénteses.



- Xoán sempre volve (en + o) \_\_\_\_\_ bus, pero (en + algunha) \_\_\_\_\_ ocasión fíxoo andando.
- (En + aquel) \_\_\_\_\_ tempo meus curmáns aínda vivían (en + este) \_\_\_\_\_ edificio.
- (De + esta) \_\_\_\_\_ vez ceamos aquí, pero para a próxima imos a (aquel + outro) \_\_\_\_\_ restaurante.
- Non me deas (de + esas) \_\_\_\_\_ mazás verdes nin (de + aquelas) \_\_\_\_\_ amarelas; dáme (de + aquelas + outras) \_\_\_\_\_ vermellas.
- Se Antón non está na casa, teremos que vir (en + outro) \_\_\_\_\_ momento para falarlle (de + iso) \_\_\_\_\_ que nos preguntou.

REPASA ESTA INFORMACIÓN. Despois, corrixe as actividades anteriores.

- As preposicións *de* e *en* contraen cos demostrativos *este, ese, aquel, iso...* e dan como resultado as contraccións **deste, dese, daquel, diso...**; **neste, nese...**
- As preposicións *de* e *en* contraen cos indefinidos *algún, algunha, algúns, algunhas* e con *outro, outra, outros, outras* e dan como resultado as contraccións **dalgún, dalgunha...**; **nalgún, nalgunha...**; **doutro, doutra...**; **noutro, noutra...**
- Os demostrativos *este, esta; ese, esa; aquel, aquela...* poden contraer cos indefinidos *outro, outra, outros, outras* e dar como resultado **estoutro, esoutro, aqueloutro, estoutra, esoutra...**

Le este texto sobre a comunicación dalgúns animais e resolve as cuestións posteriores.




### A comunicación dos animais


A comunicación verbal é unha forma de transmitir información exclusiva dos humanos. Os animais tamén transmiten información, pero non usan a comunicación verbal. Daquela, como fan? Pois, fundamentalmente, empregan sinais visuais e acústicos. As abellas, por exemplo, indícanlles ás compañeiras a localización dunha flor mediante unha danza. O tipo de movementos e a súa duración informan da proximidade ou afastamento da flor e da súa situación respecto ao sol. Os golfinhos, pola súa parte, combinan sinais visuais (saltos de diferentes tipos) e acústicos (emiten unha gran variedade de sons, como chíos, ronquidos...).

- Que tipo de sinais empregan as abellas para comunicarse? \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_
- Que tipo de sinais utilizan os golfinhos? \_\_\_\_\_
- Que diferenza hai entre o xeito de transmitir información dos humanos e o dos animais?  
Explica comparando os elementos que usan uns e outros para comunicarse.  
\_\_\_\_\_


Relaciona estes elementos e coñecerás outros sistemas de comunicación utilizados polas persoas.



Sistema de escritura en que os conceptos se representan por medio de debuxos.



Código baseado en xestos e sinais visuais feitos coas mans e con outras partes do corpo.



Sistema de escritura en que as letras se representan con puntos en relevo, o que permite que os cegos as lean a través do tacto.



Escrebe unha oración con cada un destes termos en que se aprecie o seu significado. Usa o dicionario se o precisas.

fero / ferro

choro / chorro

cero / cerro

careta / carreta

---

---

---

---


---

---

---

---

Le este texto sobre algunhas parellas de substantivos que se diferencian só polo seu xénero ou polo seu número e resolve as cuestións posteriores.



A Antón dóenlle as costas de empurrar o colector costa arriba.

#### Substantivos que se diferencian no xénero ou no número

Ás veces, dous substantivos diferentes, con significados distintos, presentan a mesma forma e só se distinguen polo xénero: un é masculino e outro feminino. Exemplo: *o rosa* (cor) / *a rosa* (flor).

Tamén hai outros substantivos distintos, cunha forma idéntica (incluso teñen o mesmo xénero), que se diferencian só en que un deles ten flexión de número, mentres que o outro é invariable: só pode ir en singular ou en plural. Exemplo: *costa* (variable; 'pendente', 'litoral') / *costas* (invariable; 'lombo').

- Que significa que un substantivo ten variación de xénero ou variación de número? \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

os substantivos rematados en *-l*. Despois, escribe correctamente o plural dos nomes que se propoñen.

Os polisílabos agudos rematados en *-l*, cambian o *-l* por *-is*.

Os monosílabos e polisílabos graves rematados en *-l*, engaden *-es*.

- animal ▶ \_\_\_\_\_
- xel ▶ \_\_\_\_\_
- réptil ▶ \_\_\_\_\_
- mísil ▶ \_\_\_\_\_
- cónsul ▶ \_\_\_\_\_
- ril ▶ \_\_\_\_\_

- col ▶ \_\_\_\_\_
- candil ▶ \_\_\_\_\_
- anel ▶ \_\_\_\_\_
- actual ▶ \_\_\_\_\_
- aerosol ▶ \_\_\_\_\_
- azul ▶ \_\_\_\_\_

Completa cada oración cunha contracción do pronome átono.

- Pintouvos o cuarto de laranxa? ▶ Non, pintóu\_\_\_\_\_ de amarelo.
- Entregouche o pedido cedo? ▶ Si, entregou\_\_\_\_\_ ás oito en punto.
- Resolveulle a dúbida seu irmán? ▶ Non, resolveu\_\_\_\_\_ súa nai.
- Pagarasme o traxe ao contado? ▶ Non, vou\_\_\_\_\_ pagar con tarxeta.
- Gardarache el a equipaxe? ▶ Si, pero dixo que \_\_\_\_\_ gardaría só un día.
- Vailles poñer agora a canción? ▶ Non, poñerá\_\_\_\_\_ máis tarde.

Escribe unha oración con cada unha das seguintes contraccións.

- nelas ▶ \_\_\_\_\_
- del ▶ \_\_\_\_\_
- volos ▶ \_\_\_\_\_

Marca a opción correcta en cada caso.

- Leveilles os bocadillos aos nenos. ▶  Levéillelos.  Leveillos.
- Deunos os exames. ▶  Déunolo.  Déunoslos.
- Indicoume mal o camiño. ▶  Indicouullo mal.  Indicoumo mal.
- Buscoulle un bo traballo. ▶  Buscoullo.  Buscoullelo.



## Padrón, despensa de Galicia

A cociña galega caracterizouse máis pola riqueza das súas materias primas que pola existencia de grandes receitas. Dar un paseo polo mercado de Padrón, especialmente os domingos, cando se concentran vendedores procedentes das comarcas próximas, bríndanos a posibilidade de asistir a un espectáculo gastronómico.

Padrón desempeña o papel de despensa de Galicia. Ás mesmas beiras do río Sar, a praza de abastos é unha mostra perfecta do que se pode comer en Galicia. Ás dúcias de variedades de peixes e mariscos que ofrece o mar de Arousa —nécora, centola, cigala, camarón, ameixa, polbo, sardiña, rodaballo, carioca—, únese a primitiva lamprea, as troitas, o reo e o xa escaso salmón do Ulla.

Falamos de peixes, pero tamén podemos facelo de carnes, desde a tenreira galega ata a caza, se a tempada o permite, pasando por todo tipo de aves e, como non, da diversidade de produtos derivados do porco.

Acompañando ás carnes, os demais produtos do campo están presentes na gastronomía padronesa, e entre todos destacan os pementos de Herbón, que levaron o nome de Padrón ás cartas dos mellores restaurantes do mundo.

<http://www.concellodepadron.es/node/101>

1. Segundo o texto, que é o que caracteriza a cociña galega?

2. a) De que vila se fala?

b) Que dous ríos pasan por alí?

c) Que ría está cerca desta vila?

d) Que «espectáculo» hai os domingos?

3. Que famoso produto do campo procede desta zona?

4. Busca no texto e escribe os nomes de:

a) Tres mariscos.

b) Tres peixes mariños.

c) Tres peixes de río.

5. Sinala o significado correcto de gastronomía:

Dor de estómago; gastrite.

Coñecementos sobre a arte de preparar boa comida.

Ciencia que estuda os astros.

Parte da economía que estuda o gasato excesivo.

6. Procura na Galipedia información sobre os pementos de Padrón e explica a súa historia.

## Unha pantasma

Unha moza soñou unha noite que camiñaba por un estraño sendeiro campesiño. O sendeiro ascendía por un outeiro boscoso e levaba ata unha fermosa casiña branca, rodeada dun xardín. A rapaza petaba na porta e abríalle un home moi, moi ancián, cunha longa barba branca. No momento en que ela empezaba a falarlle, espertou. Despois volveu a ter o mesmo soño en tres noites sucesivas. E sempre espertaba no intre en que ía a comezar a súa conversa co ancián.

Poucas semanas máis tarde, a moza dirixíase en taxi a unha festa. De súpeto, viu pola xanela, á dereita da estrada, o camiño do seu soño. Sorprendida, pediulle ao taxista que parase o automóbil, e botouse a andar polo sendeiro, co corazón latexando a toda velocidade.

Xa non se sentiu sorprendida cando o carreiro subiu enroscándose ata o cume do outeiro e deixouna ante a fermosa casa. Chamou polo ancián:

—Dígame, véndese esta casa?

—Si —respondeu o home—, pero non lle aconsello que a compre. Unha pantasma, miña filla, frecuenta esta casa!

—Unha pantasma —repetiu a rapaza—. Recoiro!, e quen é?

—Vostede —dixo o ancián, e cerrou suavemente a porta.

[http://www.auladeletras.net/material/comprehension\\_casa.htm](http://www.auladeletras.net/material/comprehension_casa.htm)

1. Escribe nas casas V (verdadero) ou F (falso), segundo corresponda:

Unha rapaza soñou que petaba na porta dunha fermosa casa.

A casa estaba na ladeira dunha montaña.

No seu soño, un taxista levábaa por un sendeiro ata a casa.

Ao chegar á casa, abríalle a porta un ancián.

O soño repetiuse varias veces.

2. En que momento do seu soño espertaba a rapaza?

3. Por que lle pide ao taxista que pare o coche?

4. Desde que a rapaza baixa do taxi, todo é coma no seu soño, excepto... Marca a resposta:

Camiña por un sendeiro.

Chega a unha casa no alto do outeiro.

Ascende por un outeiro boscoso.

Fala cun ancián de barba branca.

5. Quen era o habitante da casa e que características físicas tiña?

6. Cando por fin consegue falar co ancián, que é o que lle pregunta a moza?

7. Que lle responde o ancián?

8. Conta algún soño que tiveses.

## Os nenos de Infantil elaboran un xardín dos sentidos na clase

Un mural situado no corredor do primeiro andar do CEIP Pedrouzos (Brión) proclama a chegada da primavera representada cun arco da vella, centos de flores, un montón de animais e sobre todo con cor, moita cor. Os artífices deste cartel foron os alumnos de Infantil de 5 anos, que quixeron deste modo dar a benvida á nova estación. Pero esta non foi a única actividade programada por e para os pequenos, xa que xunto coa súa mestra decidiron converter a súa aula nun pequeno xardín. Pero esta horta de interior non é unha horta calquera, senón que está pensada para a observación e estímulo de cada un dos cinco sentidos.

O xardín dos sentidos está formado por moitas clases diferentes de plantas e froitas. Para espertar o olfacto atopamos, por exemplo, a lavanda e a salvia; para deleitar o gusto, os nenos plantaron sementes de plantas que dan froito, coma o melón ou a cenoura. As flores en semente e bulbo recrearán, unha vez florezan, o sentido da vista. O tacto exercítase a través da manipulación da terra e as sementes plantadas. Os cantos ou os cacarexos das aves son obxecto de estudo a través do sentido do oído, co fin de captar os hábitos e os movementos migratorios dos paxaros.

[http://www.infobrion.com/cibereducacion/e\\_relacions.php?tabla=fichas&id=964&img=5](http://www.infobrion.com/cibereducacion/e_relacions.php?tabla=fichas&id=964&img=5)

1. Ponlle outro título ao texto.
2. A quen lle dan a benvida os alumnos do CEIP Pedrouzos co mural e o xardín?
3. De que curso son os alumnos que participan nesas actividades?
4. Que elementos compoñen o mural?
5. En que dependencia do colexio constrúen o seu pequeno xardín?
6. Quen lles axuda a facelo?
7. Por que se chama o *xardín dos sentidos*?
8. Escribe os elementos do xardín relacionados con cada sentido.

9. Imagina un mural realizado por alumnos de sexto de primaria e descríbeo.



## Lixo espacial: 13000 obxectos perigosos

No ano 1958, Estados Unidos lanzou ao espazo o satélite *Vanguard I*. Máis de medio século despois, aínda segue orbitando a Terra, e converteuse no máis antigo dos preto de 13000 obxectos artificiais que compoñen o *lixo espacial*.

A presenza destes restos e residuos de misións espaciais na órbita terrestre converteuse nunha gran preocupación para as axencias espaciais, debido a que as colisións a velocidades orbitais poden ser moi perigosas para as naves tripuladas ou para os satélites en funcionamento; ademais, poden tamén producir aínda máis lixo ao fragmentarse os obxectos existentes.

Desde o ano 1991, rexistráronse cando menos tres colisións na órbita terrestre por culpa do lixo espacial. A menos que se atope unha solución para facer desaparecer todos estes obxectos, as colisións irán aumentando.

Historicamente, o primeiro gran problema rexistrado sucedeu en setembro do ano 1991, cando o transbordador estadounidense Discovery tivo que realizar unha manobra para evitar un posible encontro con restos dun satélite.

<http://www.salteadoresdaarca.com/2008/11/lixo-espacial-13000-obxectos-perigosos>

1. Que é o lixo espacial?
2. Cantos obxectos compoñen o lixo espacial?
3. Por que son perigosos ou prexudiciais? Escribe dous motivos.
4. Cal é o obxecto máis antigo dos que compoñen o lixo espacial?
6. Que ocorreu en setembro de 1991?
7. Procura información e explica que son os satélites, os transbordadores e as estacións espaciais.